



Concello de Láncara

Rúa Rosalía de Castro nº 17

A Pobra de San Xíao

Láncara, Lugo 27360

982 543077-982 543152



**MÓNICA VÁZQUEZ FANDIÑO SECRETARIA INTERVENTORA DO
CONCELLO DE LÁNCARA (LUGO)**

Certifico que:

No Pleno, en sesión extraordinaria realizada o día 30 de xuño de dous mil quince, adoptou, entre outros, o acordo seguinte:

5º.-MOCIÓN DA ALCALDÍA SOBRE DEDICACIÓNS: EXCLUSIVAS E PARCIAIS DO ALCALDE, TENIENTES DE ALCALDE, ASÍ COMO CONCELLEIROS DELEGADOS.

Dada conta da moción de Alcaldía e lida pola Concelleira D^a Begoña López Magdalena, sobre dedicacións: exclusiva e parciais do Alcalde, Tenientes de Alcalde, así como Concelleiros Delegados, que di:

“Visto que o artigo 225 da Lei 5/1997, de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, que dí textualmente; “1.-Os membros das corporacións locais terán dereito a percibir retribucións polo exercicio dos seus cargos cando os desempeñen con dedicación exclusiva. Neste caso serán dados de alta no réxime xeral da seguridade social, asumindo a corporación o pagamento das cotas empresariais que correspondan”.

En relación coas ditas retribucións, a súa percepción será incompatible con calquera outra retribución con cargo ós orzamentos das administracións públicas e dos entes, organismos e empresas que delas dependen.

2.-Tódolos membros da Corporación, incluídos os que desempeñan cargos en réximen de dedicación exclusiva, terán dereito a recibir indemnización polos gastos ocasionados polo exercicio do seu cargo, cando sexan efectivos, e logo da xustificación documental.

3.-Só os membros da Corporación que non teñan dedicación exclusiva ou dedicación parcial percibirán asistencia pola concorrencia efectiva a sesións dos órganos colexiados dos que formen parte e na contía que aprobe o Pleno .

4.-As Corporacións Locais consignarán nos seus orzamentos as retribucións, indemnizacións, compensacións e asistencias ás que se fai referencia nos apartados anteriores deste mesmo artigo.

Criterios que mantén igualmente o artigo 75 da Lei Reguladora de Bases de Réxime Local, Lei 7/1985 que a maiores no apartado 2º dí: “ Os membros das Corporacións Locais que desempeñen os seus cargos con dedicación parcial, por realizar funcións de presidencia, vicepresidencia ou ostentar delegacións, ou desenvolver responsabilidades que así o requiran, percibirán retribucións polo tempo



Concello de Láncara

Rúa Rosalía de Castro nº 17

A Pobra de San Xíao

Láncara, Lugo 27360

982 543077-982 543152



de dedicación efectiva ás mesmas, en tal caso serán igualmente dados de alta no réxime xeral de seguridade social por tal concepto, asumindo as corporacións as cotas empresarias que correspondan.

En base a todo o exposto, propoño ó Pleno:

1º.-No resto da actual lexislatura non se recoñeza ningunha dedicación exclusiva.

2º.-Sobre asignacións ou dedicacións parciais, propoño ao pleno:

Unha dedicación parcial para o Alcalde de 10,00h a 15:00h, cunha retribución neta de 1.300,00 € e 14 pagas, con plena dispoñibilidade as 24 horas”.

Aberto o debate por parte do voceiros do P.P. e do CxG, Santiago Cubillas Álvarez e Carlos Fernández Díaz, consideran que a dedicación si ten unha dispoñibilidade as 24 horas debería ser dedicación exclusiva, estando en total acordo coa cantidade proposta, xa que si alguén traballa ten que cobrar.

Aclarando o Sr Alcalde que propón unha dedicación parcial porque el non quere vivir só da política.

Por parte dos voceiros do PSG-PSOE e BNG Pablo Rivera Capón e Iago Bande Cortiza, manifestan que están en total acordo coa dedicación parcial, xa que o resultado será o mesmo si no Concello ten unha dedicación de 10:00 a 15:00 h. e unha dispoñibilidade total, consideran máis que xustificada a retribución proposta.

Sometido o asunto a votación o Pleno por maioría absoluta o votar a favor os 5 concelleiros do PSG-PSOE, 1 do BNG, coa abstención dos 5 concelleiros restantes (4 P.P. e 1 do CxG).

ACORDOU:

Prestar aprobación á moción antes transcrita.

Para que conste, expido a presente certificación, por orde e co visto e prace do Sr. Alcalde, en Láncara, 14 de decembro de dous mil quince.

Visto e prace
O alcalde

Asdo.